

ANEXO III

PUNTOS DE CONTROL DE PARQUES EÓLICOS

IDENTIFICACIÓN

Os puntos de control poden ser entidades caracterizadas por:

- Puntos: aeroxerador, antena meteorolóxica, etc.
- Liñas: viario, dispositivos de drenaxe lonxitudinais, etc.

Para determinar os puntos de control nas entidades caracterizadas **por liñas** procederase da seguinte forma:

1. Terase en conta como información cartográfica básica (shape):

- a) Malla terrestre 1x1 km para a representación xeográfica UTM (tipo de xeometría polígono).
- b) Rede do viario e das gabias do cableado do parque eólico (tipo de xeometría liña).

2. Mediante software dos Sistemas de Información Xeográfica (SIX), xeraranse os puntos de control sobre as entidades lineais. As cuadrículas da malla delimitarán no seu interior distintos tramos das redes, entre os que se determinará cal é o tramo continuo con maior lonxitude, e do que se calculará o punto medio para empregalo como punto de control.

3. Os puntos de control obtidos a partir da rede do viario ou da rede das gabias do cableado determinarán o punto medio do tramo de 10 metros que é preciso avaliar nos indicadores que se sinalan a continuación:

Indicador	Lugar de inspección	Cartografía base
Estado dispositivos de drenaxe	Drenaxe lonxitudinal	Punto de control obtido a partir da rede do viario.
Grao de erosión	Drenaxe lonxitudinal	Punto de control obtido a partir da rede do viario.

Indicador	Lugar de inspección	Cartografía base
Comprobación cobertura vexetal	Viario	Punto de control obtido a partir da rede do viario.
Comprobación cobertura vexetal	Gabias de cableado	Punto de control obtido a partir da rede das gabias de cableado.

CODIFICACIÓN

Para facilitar o tratamento e analizar a evolución temporal, os puntos de control deberán identificarse de acordo coa codificación que se sinala, e que deberá empregarse tanto se os valores se cubren directamente na sede, como se se empregan as follas de cálculo que se facilitan como modelo.

- Indicadores ambientais

Indicador	Punto de control	Abreviatura	Número	Característica	Código Exemplo
Ruído ambiental	Establecidos EsIA - DIA	RU	01, 02...		RU-01
Estado dispositivos de drenaxe	Drenaxe transversal	DT	01, 02...	Entrada: E	DT-01-E
				Saída: S	DT-01-S
	Drenaxe lonxitudinal	DL	01, 02...	Marxe A	DL-01-A
				Marxe B (de existir)	DL-01-B
Establecidos EsIA - DIA	DD	01, 02...		DD-01	
Grao de erosión	Viario	VI	01, 02...		VI-01
	Cuneta	CU	01, 02...		CU-01
	Noiro	NO	01, 02...		NO-01
	Establecidos EsIA - DIA	GE	01, 02...		GE-01
Comprobación cobertura vexetal	Aeroxerador	AE	01, 02...	Plataforma: P	AE-01-P
				Desmonte: D	AE-01-D
				Terraplén: T	AE-01-T
				Viario acceso: V	AE-01-V
	Subestación	SE	01, 02...	Contorna	SE-01
	Centro de control	CC	01, 02...	Contorna	CC-01

Indicador	Punto de control	Abreviatura	Número	Característica	Código Exemplo
	Torre meteorolóxica	TM	01, 02...	Contorna	TM-01
	Antena	AN	01, 02...	Contorna	AN-01
	Viario	VI	01, 02...	Marxe A	VI-01-A
				Marxe B	VI-01-B
	Gabia cableado	CG	01, 02...		CG-01
	Establecidos EsIA - DIA	CV	01, 02...		Establecidos EsIA - DIA
Mortalidade de avifauna e quirópteros	Aeroxerador	AE	01, 02...		AE-01
	Torre meteorolóxica	TM	01, 02...		TM-01
Perda – Deterioración do hábitat	Transectos lineais	TL	01, 02...		TL-01
	Puntos de conteo	PC	01, 02...		PC-01
	Zonas de control transectos lineais	ZT	01, 02...		ZT-01
	Zonas de control puntos de conteo	ZP	01, 02...		ZP-01

- Outros controis ambientais

Control ambiental	Punto de control	Abreviatura	Número	Código
Perdas aceite	Lugar de detección	PA	01, 02...	PA-01
Residuos	Lugar de detección	RE	01, 02...	RE-01
Estado infraestruturas	Viario	EI	01, 02...	EI-01
	Pasos canadenses	PC	01, 02...	PC-01
Invasoras	Lugar de detección	IN	01, 02...	IN-01

Control ambiental	Punto de control	Abreviatura	Número	Código
Incidencia allea	Lugar de detección	IA	01, 02...	IA-01
Restos orgánicos	Lugar de detección	RO	01, 02...	RO-01
Ben de patrimonio cultural		BC	01, 02...	BC-01
Ben de patrimonio natural		BN	01, 02...	BN-01

CARTOGRAFÍA VECTORIAL

Os arquivos shape que se faciliten, nos que se definirán os puntos de control da instalación, terán os seguintes campos:

Entidade punto		
Nome campo	Descrición	Propiedades do campo
Cod_id	Código do punto de control	Texto, lonxitude 9
Coord_X	Coordenada X no sistema ETRS89	Número dobre
Coord_Y	Coordenada Y no sistema ETRS89	Número dobre